



CONCELLO DE
FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000328

DECRETO

ASUNTO: AUTORIZACION DA INSTALACIÓN DE 2 DISPOSITIVOS DE VIDEOVIXILANCIA DE ACCESO A RUAS PEONIS DE FISTERRA

EXPEDIENTE: 2022/G003/000328

Relacionado co expediente: 2022/X999/000173

ANTECEDENTES:

Visto que as tradicionais formas de regulación e control presencial do tráfico resulta insuficiente para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico nas rúas peonís de Fisterra, faise necesario a incorporación dun apoio tecnolóxico sobre as funcións de vixilancia, control e regulación do tráfico que ten encomendada a Policía Local, coa colocación de 2 dispositivos de seguridade viaria na rúa Real e na rúa Arasolis de Fisterra.

Visto que corresponderá ás Administracións Públicas con competencia para a regulación do tráfico autorizar a instalación e uso destes dispositivos, adoptando unha resolución para o efecto.

Examinada a documentación que consta no expediente, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Oitava da Lei Orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos, aprobado por Real Decreto 596/1999, do 16 de abril, en relación co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

1º) Ordenar a instalación de 2 dispositivos de videovixilancia, coa única finalidade de control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico, compostos por unha cámara OCR de lectura de matrícula e unha cámara de contorna de captura de vídeo, nas rúas peonís de Fisterra, mediante as cales se captarán:

- Dispositivo número 1. Cámara de rexistro de entrada. Vaise a instalar no muro da parcela con referencia catastral número 8605812MH7580N0001AT, sita na rúa Ara Solis desta vila (achégase plano catastral para facilitar a súa localización).

- Dispositivo número 2. Cámara de rexistro de saída. Vaise a instalar na edificación con referencia catastral número 8607508MH7580N0001MT, sita na rúa Real desta vila (achégase plano catastral para facilitar a súa localización).

2º) Ordenar a instalación de carteis informativos nas áreas videovixiladas avisando aos cidadáns de que a zona está suxeita a videovixilancia coa finalidade de cumprir co dereito á información.

3º) Crear un rexistro público de actividade de tratamento correspondente ao sistema de videovixilancia antes mencionado.



CONCELLO DE
FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2022/G003/000328

4º) Indicar que se inclúe o tratamento das gravacións obtidas polas vídeocámaras no rexistro das actividades de tratamento.

Hai que ter en conta que de conformidade coa Disposición Adicional 1ª da Lei Orgánica 7/2021, do 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación ou axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais, o tratamento dos datos persoais procedentes das imaxes e sons obtidos mediante a utilización de cámaras e vídeocámaras para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico, para algún dos fins establecidos nesta Lei regularase por ela complementándose, no que non resulte contrario ao seu contido, coa normativa vixente que contemple a regulación do tráfico, desprazando a aplicación da normativa xeral de protección de datos.

5º) Declarar como órgano encargado da custodia das gravacións aos membros da Policía Local do concello de Fisterra.

6º) Establecer que será o Sr. Alcalde - Presidente quen resolva las solicitudes que se emitan respecto das gravacións rexistradas, xa que de conformidade co establecido no artigo 21.1.s) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o alcalde ostenta as atribucións que a lexislación do Estado asigne ao municipio e non a atribúa a outros órganos municipais.

7º) Adoptar as medidas tendentes a garantir a preservación da dispoñibilidade, confidencialidade e integridade das gravacións e rexistros obtidos dos equipos segundo o estipulado na Disp. Adicional Única do Real Decreto 596/1999, do 16 de abril, así como as medidas de seguridade que correspondan das previstas no Esquema Nacional de Seguridade.

8º) Publíquese esta resolución na páxina web do concello de Fisterra e no taboleiro de Anuncios electrónico desta Corporación.

Mandouno e asina o Sr. Alcalde en Fisterra, a venres 22 de xullo de 2022, do que eu, como secretario, certifico.

O ALCALDE,

José Marcote Suárez

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL,

Juan Carlos Carril Pérez